

O superheroe

A min gústanme moito os superheroes. Coñezo unha chea deles: Batman, Spiderman, Supermán...

Pero decatástesvos de que todos os superheroes son americanos? Estíveno pensando e non puideron encontrar ningún máis próximo. Ata que, ao final, se me ocorreu unha solución. Unha solución xenial.

Eu propoño que se recoñeza o Rato Pérez como un auténtico superheroe! Porque, a ver, que teñen Batman, Superman ou Spiderman que non teña o Rato Pérez?, valentía?, poderes?, traxe de superheroe?, identidade secreta?, noiva?

Se non estades convencidos, comparemos.

Se falamos de valentía, a Pérez non lle gaña ningún. Cóase nas casas, gabea polas camas e busca debaixo das almofadas... Todo isto sabendo que en calquera momento lle poden dar un vasoirazo...

E os seus poderes? O Rato Pérez ve na escuridade, diso non hai dúbida. Tamén debe ter un radar mental. Porque, como sabe, se non, de que che caeu un dente?

E vexamos o da identidade secreta. Todos sabemos que Supermán é xornalista no seu tempo libre, non si? Pois eu sei de boa fonte que o Rato Pérez traballa durante o día. É secretario do frautista de Hamelín. A que iso non o sabías?

O do traxe de superheroe é máis complicado. A verdade é que este rato non leva medias vermellas, nin capa, nin anteface..., nin falta lle fai. E é que Pérez é diferente. El non necesita disfrace, como os superheroes vulgares.

E agora, falemos da noiva. Pois este requisito tamén o cumpre. Eu lin nun conto que o Rato Pérez está casado... coa ratiña presumida! Pero é que, ademais, eu creo que o Rato Pérez é máis listo ca todos os superheroes xuntos. El é o único que construíu o seu propio castelo! Un castelo de dentes!

Así que, o que vos dixen, o Rato Pérez debe ser nomeado superheroe do mundo mundial, por méritos propios. Que levante a man quen estea de acordo comigo!

Inmaculada Díaz

1. ¿Cal é o tema principal do texto?

2. Cales son os teus superheroes favoritos?

3. Escolle un dos superheroes e fala, coma no texto, dos requisitos dun superheroe:

VALENTÍA	
PODERES	
IDENTIDADE SECRETA	

TRAXE	
NOIVO/A	
OUTRAS	

4. Agora inventa un superheroe falando de todos os aspectos anteriores.